



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación do orzamento xeral para o ano 2021»
Data	30 de decembro de 2020
Duración	Desde as 13:45 ata as 14:39 horas
Lugar	Sala de sesións telemática
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33852423B	Jose Ferreiro Fernandez	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	NON
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 43TC9255DZL5LRQG9RP9P2PHY | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10



Concello de Guitiriz

33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	ivan morado corral	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. Monica Vázquez Lago: «Ausencia xustificada»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación do orzamento municipal do ano 2021. Expediente 1181/2020.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 4,
Abstencións: 1, Ausentes: 0

A proposta da alcaldía, dictaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno da data 23/12/2020, é a seguinte:

"ASUNTO: ORZAMENTO MUNICIPAL 2021. EXPEDIENTE Nº: 1181/2020

Resultando que de conformidade co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, a Alcaldía formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2021.

Visto que obran no expediente cantos documentos e informes esixen os artigos 165, 166 e 168 TRLRHL, así como o artigo 8 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril; e o expediente orzamentario formado pola Sra. Alcaldesa-Presidenta cumpre o requisito de nivelación esixido polo artigo 165.4 TRLRHL.

Vista a reunión cos representantes do persoal funcionario e laboral do Concello de Guitiriz de data 14/12/2020.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLRHL e artigo 50.11 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para este exercicio.

Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar, en aplicación do artigo 30 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria, o límite inicial de gasto non financiero (Capítulos 1 a 7 de gastos) para este exercicio, que ascende á contía de 4.311.947,98 €, co principio de estabilidade orzamentaria.

SEGUNDO.- Aprobar Inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Guitiriz para o exercicio económico 2021, que no seu estado de gastos e ingresos ascende á contía de 4.273.903,33 € segundo os resumos por capítulos que se indican a continuación:

Capítulo	GASTOS	INGRESOS
1	2.427.629,33	1.471.130,10
2	1.684.574,00	55.000,00
3	6.000,00	612.418,00
4	73.200,00	2.122.855,23
5	50.000,00	0,00
6	20.000,00	0,00
7	0,00	0,00
8	12.500,00	12.500,00
9	0,00	0,00
TOTAL	4.273.903,33	4.273.903,33

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente a Plantilla de persoal que se acompaña como Anexo ao Proxecto de Orzamento.

CUARTO.- Aprobar, en cumprimento do establecido no artigo 103.bis) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a masa salarial do persoal laboral recollido neste Orzamento por importe de 1.102.105,33 €, integrada por tódos conceptos retributivos individualizables respecto ao persoal laboral, nos termos do artigo 18.Cuatro) da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018.

QUINTO.- Ordenar a publicación no BOP de Lugo do acordo de aprobación inicial durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da inserción do anuncio correspondente co fin de que os interesados poidan examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno da Corporación. O Orzamento e a Plantilla consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

SEXTO.- Facultar á Alcaldía para o cumprimento da obriga de remitir copia do Orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma para dar cumprimento ao disposto no artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo."

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que sorpréndenos a baixada dos orzamentos, nada menos 122.795,68 € onde a partida do persoal ocupa o 58,80 % do total destes, un corta e pega por segundo ano consecutivo e para máis inri fóra de prazo xa que debían estar presentados antes do 15 de outubro do ano en curso, motivo polo que se incumpre devandito prazo segundo o artigo 168 do Texto Refundido das Facendas Locais.

Orzamentos que constan de 9 capítulos de gastos e ingresos:

- Ingresos

Capítulo 1 a contía de 1.471.130,10 € que representa o 34,25%

Capítulo 2, 55.000,00 € que representa un 1,99 %, corresponde co imposto directo do ICIO, as obras son cada vez menos neste concello.

Capítulo 3, 612.418,00 € que representan o 14,33%, corresponde as taxas sobre o imposto de bens inmobles, rústica e urbanas, imposto sobre vehículos, impostos sobre actividades económicas, recollida de lixo, servizos asistenciais, entre outros. Sorpréndenos o cobro das seguintes taxas, taxa pola ocupación da vía pública, como é o caso das terrazas, primeiro dámoslle unha subvención e despois temos unha partida de ingresos para cobrar as terrazas. Outra das taxas son polos postos do mercado, si lles cobramos a estes vendedores ambulantes moita taxa moitos deixarán de vir.

Outra que nos chama a atención, tendo en conta que non hai Policía Local, é o que se pretende recadar en multas 8.500 € aproximadamente.

No capítulo 4, temos as transferencias correntes de 2.122.855,23 € que representa un 49,67 %.

No capítulo 5,6 e 7, non temos asignación económica ningunha.

No capítulo 8, cunha contía de 12.500,00 € como nos anos anteriores.

No capítulo 9, tampouco hai asignación económica algunha.

- Gastos

Gastos de persoal, pasamos de 2.384.790 € que supoñen un 54,25% neste 2020 ao 56,8% no 2021, 2.427.629,33 €, e dicir un 2,56 % máis.

No capítulo 2, gastos correntes de bens e servizos, supoñen o 39,41%, 1.684.574 €.

No capítulo 3, gastos financeiros, supoñen o 0,14%, 6000,00 €.

No capítulo 4, transferencias correntes, supoñen o 1,71 %, 73.200,00 €.

No capítulo 5, fondo de contingencia e outros, cunha contía de 50.000 €.

No capítulo 6, inversións reais, o capítulo mais importante que ten de gastos este orzamento, 20.000 € que supón o 0,46 % para inversións que segundo a memoria é para temas informáticos.

No ano 2020 había 183.800 € o 4,18% para inversións e este ano o 0,46%. Había unha partida para arranxos de camiños de 70.000 €, non era moito pero nestes orzamentos desapareceu. Sorpréndenos moitos esta baixada, xa vemos que na memoria di que falta o da Deputación sen embargo non di nada do que falta da Xunta de Galiza.

No capítulo 7, transferencias de capital, con cero euros.

No capítulo 8, 12.500,00 € para anticipos de persoal.

No capítulo 9, non hai consignación económica, dado que dende o 2014, cando nós gobernabamos, non hai débeda neste concello.

Estamos ante un orzamento pouco traballado, un corta e pega do ano anterior, con 20.000 € para investimentos pero estaremos atentos aos cambios das partidas presupostarías e esperemos que non sexan igual que os da súa antecesora, que utilizou as partidas para pagar a luz para outros investimentos, deixando débeda no concello.

O voceiro do grupo BNG di que os orzamentos son os documentos económicos nos que se sustenta o proxecto dun pobo. Estes son os segundos orzamentos que elaboran vostedes dende que se comprometeron coa cidadanía a mellorar e traballar para o noso concello.

Non sei o que vostedes perciben e o que lles comentan os cidadáns, pero o que percibo eu e o que me comentan a min é que no concello temos máis do mesmo que tiñamos, o pouco

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

que fixeron polo benestar e pola mellora dos habitantes do concello non se aprecia como debería.

Estes días boteille unha ollada o programa electoral que elaboraron para as eleccións de 2019 e está totalmente para levar a cabo, o único que fixeron foi deixar pasar o tempo e vivir.

A finais do ano 2019, eu xa adiantei que grazas aos ingresos do Plan Único da Deputación Guitiriz tería uns investimento moi superiores aos que se presentaban facía un ano nos orzamentos. Este ano pasa o mesmo que o que adiantabamos o ano pasado, xa o recoñece vostede mesma nos orzamentos.

Lémbrolle a vostede e a todos os que nos están oíndo, que esta idea de reparto equitativo do Plan único da Deputación para os concellos foi unha ideada polo BNG e por certo o PSOE non votou a favor. Onte aprobouse unha dotación para o 2021, incrementado o seu montante total a 21,5 millóns para repartir entre os 67 concellos da provincia.

O ano pasado presentaron uns investimentos de 183.000 € e para este ano que vai comezar, solo invisten 20.000 €, unha baixada do 79%, 10.000 € en adquisición de material informático e outros materiais precisos destas características, 5.000 en mobiliario urbano e 5.000 en mobiliario para o concello. Non se luciron moito o único que nos din é como van gastar os cartos do orzamento.

A contía de 2.427.629,33 de 4.273.903,33 € xa van para persoal, quedan entón 1.846.274 € e o único que nos expoñen é como gastalo e precisamente non hai nada para melloras do concello, gástanos case todo en servizos.

O noso concello ademais de prestar uns bos servizos, precisa moitas melloras, algunhas delas levábanas vostedes no seu programa, nos sabemos a que agardan para comezar a darlles vida.

Esta mais que claro que ben nos cuadra con estes 400 e pico mil euros que vai aportar o Plan Único da Deputación.

Dicir tamén que o BNG no Parlamento Español votou en contra dos orzamentos polo mal que nos tratan a todos/as os/as galegos/as, precisamente nos investimentos previstos para Galiza reduciron en cento catro millóns de euros e tamén nos botaron atrás a emenda para elaborar o estudo da variante ferroviaria da Vila de Parga.

Na memoria que vostede elaborou comenta que o compromiso de manter ou incrementar dentro do posible outros gastos de tipo social e de fomento do emprego con respecto ao grao de execución dos anos anteriores para atender a todas as demandas que na conxuntura actual sexan precisas, e dicir, volve a repetir que este orzamento é eminentemente social, xa o dixi o ano pasado e non estabamos inmersos nesta crise sanitaria, creo que non hai ningún alcalde/sa do PSOE que non diga o mesmo.

Dende o Goberno Español queren convencernos, sobre todo aos galegos, de que aumentan os orzamentos en políticas sociais cando en realidade a mellora e para todos/as os cidadáns do Estado Español.

O que vostede comenta de que son uns orzamentos eminentemente sociais, dicirlle que xa o eran cando gobernou o Sr. Teixido, o concello ofrecía servizos similares e por conta propia.

Con respecto ao emprego, dende o BNG exiximos que respecten a todos/as os/as cidadáns do concello para que non existan cidadáns de primeira e de segunda e se fagan as probas de acceso aos postos de traballo e os convoque o concello con neutralidade, transparencia e con toda a rigorosidade e por suposto para todos por igual.

Aumentan tres asociacións que reciben subvencións, as dúas ANPAS dos colexios de Parga e Guitiriz a Asociación da Feira dos Callos de Parga, que aínda que xa existía non recibía axuda e parécenos ben que a reciban porque fan o seu traballo.

A Asociación Cultural Xermolos debería selle dar a subvención total para que a propia asociación distribuíra e xustificase os cartos a súa maneira. Parécenos que se debería incrementar as aportacións anuais que se fan as asociacións que traballan, por exemplo, Xermolos a axuda que recibe é de 6.000 €, con todo, as actividades que propón devandita asociación foron aumentando ano a ano, a parte do Festival de Pardiñas, Entroido, Reis e a

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Coral organizan a Festa da Fala de San Alberte, o Festival de cine de Roca e o Urban Witericus e retomou a Escola de Música Tradicional con clases de baile, pandeireta e canto con preto de 50 alumnos/as de todas as idades.

Está claro que esta asociación está dinamizando coas súas actividades ao noso concello, incluso este ano foi a única ou unha das únicas que mantivo as actividades, por eso sería importante reforzar estas axudas as asociacións que traballan.

Vemos tamén que segue a aumentar o remanente municipal e xa vai en 2.726.000 €, pero non vemos ningunha previsión para ir incorporando este remanente, para cando nos liberen os cartos.

Vemos necesario que se actualice a contratación das vacantes que estamos orzamentando, na categoría de funcionarios/as vemos que hai 4 vacantes e 5 temporais, en persoal laboral hai 8 vacantes e 8 temporais. O lóxico sería cubrir esas 12 vacantes e si non fan falta eliminalas da plantilla do concello.

A Sra. Alcaldesa di que quere destacar que a elaboración dos orzamentos do concello constitúe un dos actos de goberno mais transcendente en aras de poder atender os intereses veciñais con eficacia e sen demora.

O traballo do concello día a día sempre ten moitas dificultades e elaborar os orzamentos para todo o ano supón a maior complexidade anual xa de por si, e aínda se complica mais nesta situación de emerxencia sanitaria que estamos a vivir dende marzo de 2020. Todo isto que sucedeu este ano condicionou a actividade legislativa dos últimos meses, adoptándose medidas temporais e con carácter extraordinario para mitigar o impacto social e económico da pandemia.

Facer cadrar as contas non é tarefa doada, porque as necesidades sempre superan as dispoñibilidades e aínda que nos atopamos en tempos moi complexos, onde temos que abordar unha situación de reconstrución social e económica para superar a crise do Covid 19, no noso concello contamos cunha contas saneadas. A pesar diso os recursos quedan curtos para atender todas as necesidades que a sociedade demanda e máis tendo en conta a incerteza do que pode suceder por esta situación actual e de como afectará ao vindeiro ano, así como serán as necesidades máis destacables pola nosa veciñanza.

Como non había outra opción porque así o pide a Lei, e este equipo de goberno cumpre coa lei, os orzamentos que se presenta para a súa aprobación están equilibrados en ingresos e gastos, supoñen un montante de 4.273.903,33 €, que diminúen, como ben dixeron vostedes, en relación aos anteriores, a cantidade de 122.795,68 €, pero teño que dicir que é decisión do equipo de goberno e da intervención que redacta os presupostos, incluír ou non as subvencións neste orzamento e nós decidimos non incluílas porque estamos nun momento en que non sabemos con cantas delas podemos contar, sabemos que onte se aprobou a do Plan único e contamos con outras da Xunta de Galiza e do Estado pero como dixen antes é facultade do equipo de goberno decidir si se inclúen ou non na elaboración do presuposto e nós decidimos non incluílas.

Estas subvencións que se van recibir ao longo do ano o que fan é modificar o presuposto, incorporándose ao mesmo e logo dispónse de ese crédito para gastar. Si nos fixamos na liquidación do presuposto do ano anterior aínda que inicialmente se aprobou por 4.396.699 €, fixéronse modificacións por un total 1.000.892 € pasando a un presuposto definitivo de 6.000.289 €. E dicir, a maior parte dos nosos presupostos o levan os gastos de persoal porque xestionamos directamente a maior parte dos servizos, que é unha aposta por este tipo de política que noutros concello non se fai.

Como ía dicindo non se inclúen no orzamento as subvencións e axudas que recibe con frecuencia esta administración, rectifico ao portavoz do PP cando dixo que na memoria non se contemplan as subvencións da Xunta de Galiza, pois na liña sete do paragrafo cuarto faise mención ao Plan de Mellora de Camiños, Fondo de Compensación Ambiental, que si non estou equivocada son subvencións da Xunta de Galiza, non se menciona só o Plan Único,

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

nesta memoria menciónanse todas as subvencións.

A medida de non incluír as subvencións tomase por prudencia dada a situación de incerteza que estamos a vivir e por descoñecer o que vai pasar coas axudas que nos conceden de outras administracións porque a diferenza do que ocorre coa Deputación, que a día de hoxe o concello sabe o importe con que conta, non nos ocorre o mesmo coas subvencións da Xunta, que hai que esperar que as saquen ao longo do 2021 e nos vaian dicindo si as temos ou non. É importante facer constar que contamos cun remanente de máis de dous millóns setecentos vinte seis mil euros en concepto de remanente de tesoureira para gastos xerais, que con respecto ao ano 2018 incrementouse en 350.000 €, isto revela a moi boa situación económica deste concello.

Este orzamento é eminentemente social, pensado para facer fronte a todos os gastos relacionados coa situación social que estamos a vivir por mor da pandemia, onde os/as veciños/as precisan do noso apoio para as necesidades básicas, para manter as actividades económicas e os empregos existentes e moitas outras carencias, así como a necesidade de todos os gastos para frear o Covid 19 e reducir os contaxios no noso concello.

Teño que dicir que grazas a boa elaboración que fixo a nosa intervención dos presupostos do ano 2020 chegáronnos para afrontar todos os gastos imprevistos con motivo da pandemia, fomos capaces de afrontar gastos que superaron case 200.000 € que non estaban orzamentados a principios de ano, en concepto de xel, mascarillas, mamparas, limpeza, probas PCR que se lles fixo a traballadores/as para poder traballar con seguridade, servizos externos que asumimos nos colexios de Parga e Guitiriz, etc.

Encantárame ter un presuposto onde o gasto para inversión fose de 400.000 €, pero hai que ser realista e debo afrontar os gastos que me van vir, os gastos de persoal e gastos correntes do concello. O concello atenderá todos os seus compromisos e investimentos sen necesidade de endebedarse.

Con respecto ao que dixeron os portavoces sobre os ingresos previstos por ocupación de vía pública con terrazas é o que se prevé que se lles poderá cobrar no 2021 si a situación o permite, evidentemente este ano non se lle cobrou esta taxa, pero como non sabemos o que vai a pasar é a nosa obrigación legal incluír esta taxa como un ingreso probable no 2021.

Os postos do mercado o mesmo, a todos/as se lles devolveu as taxas dos mercados que non puideron vir.

En canto aos ingresos que se prevén por multas da policía local, lembrarlles que este concello tamén tramita multas que emite a Garda Civil, non só da policía local. Agora mesmo estamos cunha provisión por medio de concurso de traslados dunha das prazas de policía local e ademais adherímonos ao convenio que ten a Xunta para cubrir a outra.

En canto aos gastos de persoal, este concello fai todo a través de xestión directa, entón hai que ter persoal para dar os servizos..

Con respecto aos procesos selectivos, lembrarlles que os procesos selectivos que se levan a cabo neste concello respetan toda a legalidade contemplada pero voulle dicir unha cousa, si ten constancia de que algún proceso selectivo non respeta a legalidade o que debería de facer, como membro da corporación, é presentar unha denuncia e deixar de verter comentarios que quedan aí e logo non se desmenten e si pola contra non ten coñecemento deixe de falar diso porque paréceme unha imprudencia e temeridade que alguén faga ese tipo de acusacións sen ter probas.

En canto as axudas as distintas asociación, concretamente a de Xermolos, teño que dicir que a colaboración deste equipo de goberno con esta asociación é máxima. Por exemplo, na Cabalgata de Reis e no Entroido unha parte importante dos gastos foron asumidos polo concello, poñendo ademais toda a intendencia necesaria. No Festival de Pardiñas eles asumiron unha parte moi importante pero a parte de intendencia, axuda, luz, auga, colocación e limpeza, etc. foi asumida polo concello. Igualmente pasa coa Escola de Música Tradicional, as clases danse en edificios do concello cuxo mantemento corre a cargo deste (limpeza, luz, etc.), creo que isto é unha forma de colaborar.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

De todas formas si eles teñen algunha queixa que veñan a dicirmo e intentarémolo solucionar, pero creo que non teñen queixas neste aspecto.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que estamos vendo que o traballo que se está a facer no concello é “nada”. Unha das obras que venderon nas eleccións como é o caso da “Residencia” e agora cando se lle pregunta por ela di que é cousa da Deputación, a ver si cando haxa outras eleccións din que é cousa da Deputación.

En canto aos gastos que asumiu o concello como a limpeza dos colexios, supoño que sabe que o mantemento dos colexios é do concello entón supoño que é normal que se encargue dos servizos básicos.

Con respecto as taxas das terrazas e dos postos do mercado para o ano 2021 dicir que estamos ante unhas características dun ano que parece que non vai a ser moi reluciente, entón si a estas persoas que xa levan un tempo sen funcionar ao 100% e lles empezamos a cobrar. Temos que ser moi prudentes con estes cobros que lles vaiamos a facer a calquera dos establecementos de Guitiriz e botarilles unha man nestes momentos nada fáciles.

Con referencia as multas, xa sei que se tramitan multas da Garda Civil, pero si miramos anos atrás, a cantidade que se recada en concepto de multas no concello pode oscilar entre 2.000 e 3.000 €.

Tamén falaba vostede que ao final do presuposto do ano pasado houbo un montante de mais dun millón de euros pero isto foi debido as subvencións da Xunta de Galicia e da Deputación.

O voceiro do grupo BNG di que a colaboración con Xermolos por parte do concello foi sempre moi boa e alegrámonos de que siga sendo boa, pero todos sabemos que Xermolos é a asociación que dinamiza a este concello e cada ano máis.

Tamén quero lembrar aquí que os concellos galegos recibimos entre 50 e 70 euros menos por habitante, dependendo do concello, que calquera outro de España. Non sei si saben que deberíamos recibir entre 350.000 e 400.000 euros máis.

Lamentablemente seguimos dependendo de subvencións e estas uns anos veñen e outros non, vostede mesmo o comenta na memoria que co Fondo de Compensación Ambiental normalmente se reciben estes cartos e co Plan de Mellora de Camiños xa se xerou crédito por importe de 31.561 € para 2021, aínda así, entendemos que con este sistema de subvencións non é doado elaborar uns presupostos adecuados.

Resumindo, son uns orzamentos pouco traballados, sen contido ningún, non vexo nada novo. Non se esforzaron nada en pensar que é o que nos fai falta, por encima os presentan a finais de ano, puido agardar un pouco mais e facer uns orzamentos como é debido e xa incluír o Plan Único e algunha subvención asegurada da Xunta e mentres tanto traballar cos prorrogados.

Vemos que non consta ningunha dotación para o “teórico” posto de tesouraría que ten que crear, porque segundo a normativa vixente ese posto teno que desempeñar un funcionario/a de habilitación nacional.

Tampouco se prevé nada para desenvolver o PXOM que acabamos de estreir.

Tamén sería lóxico orzamentar algunha partida para arranxar e sanear as fachadas, portas e xanelas da Casa Habanera e Casa Barxa, canto mais se espere mais vamos ter que gastar. No ano 2017 aprobouse no Pleno o arranxo pero como moitas outras quedaron esquecidas. A casa Barxa está peor, calquera día cae o balcón de madeira.

Non votaremos a favor destes orzamentos porque non propoñen nada, están baleiros de contido, con estes orzamentos non hai futuro para Guitiriz.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Xa por ultimo quero desexar un bo ano 2021 a todos/as os que nos están escoitando e a vostedes.

A Sra. Alcaldesa di que este concello recibiu case 600.000€ da Administración do Estado, a través do IDAE, fixéronse investimentos moi importantes e temos aí o seguinte investimento que se vai levar a cabo, que é mellorar a ETAP de Guitiriz, xa que un dos retos que nos propuxemos era conseguir que a auga potable non volvera a dar problemas. Coas obras que se fixeron cos anteriores gobernos e as que se levaron a cabo posteriormente e coa que imos facer, que xa temos investimento, unha parte do IDAE e outra de Augas de Galicia, imos conseguir solucionar definitivamente o problema da auga potable de Guitiriz.

Xa sei que tamén está o tema da auga de Parga que intentaremos melloralala, pero non se pode facer todo a vez.

Intentaremos facer actuacións que nos permitan reducir os gastos correntes do concello, xa que por exemplo, a actuación que se fixo coa subvención do IDEA, non é solo que as luces led dan mellor luz, senón tamén que vai repercutir directamente nos gastos correntes posto que si pagamos menos de luz, eses cartos pódense investir noutras cousas.

En canto ao que comentou con respecto as prazas, este equipo de goberno fixo unha modificación da RPT para poder solucionar o problema que había co persoal laboral do concello, resolvemos o proceso selectivo para 24 prazas definitivas.

Tomo nota do que nos comentan os portavoces porque este equipo de goberno o que quere é facer as cousas o mellor posible.

Dicir tamén que estou orgullosa xa que cos presupostos presentados no ano 2019 conseguíuse solventar esta situación que vivimos ao longo do 2020 e que non estaba contemplada nos presupostos aprobados para o ano 2020 e conseguimos dar cobertura a moitas situacións imprevistas.

Nestes presupostos, en detrimento da inversión, seguimos primando os servizos sociais. Con data 30 de novembro a Xunta non quixo renovar o SAF extraordinario con motivo do Covid e entón é probable que o asumamos nós cos nosos medios porque o que non imos facer e retirar ese servizo cando aínda non rematou a situación de emerxencia sanitaria.

Intentaremos levar a cabo o plan de mantemento de pistas e estradas que tiñamos pensado. Temos que optar a todas as subvencións que nos dean, este ano tivemos para o arquivo, biblioteca, ETAP..., que intentamos desenvolverlas de forma axeitada para o disfrute de toda a veciñanza.

Os presupostos non se presentaron antes porque estabamos co tema das regras fiscais, si se suspendían ou non, e interpretouse que era mellor esperar para ver como quedaba e por isto tardouse mais en presentalos. Con motivo da suspensión das regras fiscais vai ser posible gastar unha parte do remanente.

O voceiro do grupo PP desexa feliz ano a todos/as os/as veciños/as e a todo o equipo de goberno.

Remata a sesión a Sra. Alcaldesa dándolle o feliz ano a todos/as os/as veciños/as e dándolle a grazas os membros da corporación, ao secretario, interventor e a todos/as os/as traballadores/as do Concello.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Sometido o asunto a votación é aprobado por 7 votos a favor do grupo PSOE, 4 votos en contra do grupo PP, e 1 abstención do grupo BNG.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 43TC9255DZL5LRQG9RP9P2PHY | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10